




C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

BANDO

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

I+E+E



AXUDAS a CREACIÓN DE EMPRESAS promovidas por DESEMPREGADOS/AS

D^a María Luisa Piñeiro Arcos, Alcaldesa - Presidenta do Concello de Moraña

FAI SABER: Que a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia convocou as **AXUDAS do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego para o ano 2012.**

BENEFICIARIOS: Empresas privadas, de nova creación, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e requisitos establecidos na correspondente orde (50% do capital social sexa de titularidade de desempregados que creen o seu propio posto de traballo, un máximo de cinco persoas promotoras, capital social máximo de 120.202€, etc).

Tipos de AXUDA

- ✚ **SUBVENCIÓN A XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE:** Mínima de 4.000 e máxima de 6.000 euros (segundo colectivo desempregado contratado) por cada posto de traballo estable de carácter indefinido que se cree, ata un máximo de dez postos.
- ✚ **SUBVENCIÓN FINANCEIRA:** Equivalente, como máximo, á redución de ata catro puntos do xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, calculado sobre os oito primeiros anos de vixencia, e co límite máximo das contías establecidas no punto anterior.
- ✚ **SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA:** Ata o 75% do custo dos servizos recibidos de asistencia técnica cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas (formación xerencial e/ou estudos e informes externos sobre a actividade: mercado, organización, comercialización, diagnose, ...)
- ✚ **SUBVENCIÓN PARA O INICIO DE ACTIVIDADE:** De 2.400 a 4.800 euros (segundo colectivo desempregado contratado) por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez.
- ✚ **SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR DAS PERSOAS PROMOTORAS:** Subvención do 75% do custo dos servizos de gardería, ata un máximo de 3.000 euros, para aqueles/as promotores/as que teñan fillos/as menores de tres anos cos condicionantes do artigo 10 da orde.

PRAZO XERAL de presentación de solicitudes: 30 de setembro de 2012.

Para solicitudes de subvención á xeración de emprego estable e de subvención financeira polas actuacións realizadas entre o 1 de outubro de 2011 e o 28 de marzo de 2012 o prazo rematará o 30 de abril de 2012. Existen prazos específicos a contar desde a data de solicitude de alta na Seguridade Social ou de inicio da actividade empresarial.

Información e asesoramento: Concello de Moraña / AEDL (986 55 30 05).

Moraña, 28 de marzo de 2012

A ALCALDESA

Asdo. María Luisa Piñeiro Arcos

